

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Decreto 38/2006, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 294/2002, do 17 de outubro, polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia.

No *Diario Oficial de Galicia* nº 208, do 28 de outubro de 2002, publicouse o Decreto 294/2002, do 17 de novembro, polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Coa vixente estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia considera necesario modificar a súa representación no Consorcio Audiovisual de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dous de marzo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Modifícase o número 2 do artigo único do Decreto 294/2002, do 17 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

O Consorcio Audiovisual de Galicia estará constituído pola Xunta de Galicia representada pola Secretaría Xeral de Comunicación, a Consellería de Economía e Facenda, a Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística; pola Compañía de Radiotelevisión de Galicia e polas deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; e goza de personalidade xurídica propia e capacidade suficiente para o cumprimento das súas finalidades.

A composición do Consello de Dirección, no que se refire á representación da Xunta de Galicia, será:

a) Presidente, que será o secretario xeral de Comunicación da Xunta de Galicia.

b) Vicepresidente primeiro, que será o director xeral da Comunicación Audiovisual; vicepresidente segundo, que será o director xeral da Compañía de Radiotelevisión de Galicia e vicepresidente terceiro, que será o director xeral de Creación e Difusión Cultural.

c) Seis vogais en representación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que se designarán da seguinte forma: un pola Secretaría Xeral de Comunicación, un pola Consellería de Economía e Facenda, un pola Consellería de Cultura e Deportes, un pola Consellería de Innovación e Industria, un pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e un pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

d) Un vogal en representación da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.

e) O secretario será o subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

En todo caso, nos estatutos do Consorcio Audiovisual, as referencias á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e ao seu titular, entenderanse realizadas á Secretaría Xeral de Comunicación e ao seu titular. Igualmente, as referencias á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual e ao seu titular, entenderanse realizadas á Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e ao seu titular.

Artigo 2º.-Modifícase a disposición derradeira primeira do Decreto 294/2002, do 17 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

Facúltase o secretario xeral de Comunicación para a execución, desenvolvemento e aplicación deste decreto, que abranguirá a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das modificacións dos estatutos do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de marzo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza